

## Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Fernando Pereira Caamaño, a Luís Seoane do 26/06/1970

**Colección:**

**Data:** 26/06/1970

**De:**

Fernando Pereira Caamaño;

**Para:**

Luís Seoane;

**Orixe:**

Montevideo (local), Montevideo (departamental), Uruguai (nacional)

**Ficha descriptiva:**

[Carta mecanografada con firma autógrafa]

**Temáticas:**

*Bajo la doble águila. Galicia en el reinado de Carlos V*; Artes; Autores/as; Emigración; Exposición de Estampa Popular Galega. XIV Jomadas de Cultura Galega. Montevideo. 1969; Literatura; Migracións; Versos para cantar en feiras e romaxes; Xornadas da Cultura Galega. Patronato da Cultura Galega de Montevideo;

**Mencionados:**

Xosé Cancela; Castelao; Basilio Losada; Manuel María; Xosé Luís Méndez Ferrín; Reimundo Patiño; Daniel Vidart;

---

## Transcrición da epistola de Fernando Pereira Caamaño, a Luís Seoane do 26/06/1970

Montevideo, 26 de xuño de 1970

Estimado Seoane:

Novamente, estamos amolando, co gallo da próisima saída de *Bajo la doble águila. Galicia en el reinado de Carlos v.*

Adxunto un folletíño que fixemos á maneira de pre-suscriución, e no que hai un pequeno erro, xa que debe figurare Galicia en el reinado... e non Galicia en el reino, etc. Tal como faláramos por teléfono, pregámoslle que nos faga a tapa ou carátula do libro, que debe tere as mesmas dimensións de *Versos para cantar en feiras e romaxes*, de Manuel María. Non así o lomo, posto co número de páxinas vai andare polas 300 (trescentas). O seu traballo é de certa urxencia, xa que queremos publicar o libro en xulio.

No día de hoxe, sacamos as cerámicas da aduana (viñeron unhas 150). Os debuxos pedidos a Patiño da Estampa chegaron nantronte (a maioría sen firmas e sen precios, séndonos practicamente imposibre facer un catálogo axeitado; vostede dirá). Como estabamos no aire con todo, (o devandito, ademais da Mostra Bibliográfica adicada a Castelao) o 25 de Sant-Yago. No mesmo subte, faremos a Mesa Redonda de que lle falei. O tema será: Castelao artista, político, home, tomando parte, ademais de vostede (na parte correspondente a artista), o Dr. Cancela e o profesor Vidart. En fin, xa lle confirmaremos a data, anque xa lle adiantamos que no xantar de confraternidade, o domingo 26 queremos telo con nós (e, por suposto, á súa moi apreciada dona).

Acaba de saír nos xornales de eiquí a sentenza por dous anos pra Méndez Ferrín. O Patronato xa remesou unha nota ao Ministro de Xustiza e ó Presidente da Suprema Corte, dándolle logo espallamento. Agora estamos matinando levare o asunto ó Senado do Uruguay, onde temos algunha influencia. E quizaves algo máis...

Adxunto tamén os recortes e conseguintes do caso.

Polo de hoxe nada máis, como non sexa decirlle que tan pronto teñamos o programa das XV Xornadas de Cultura Galega (invitamos a Basilio Losada pró 27 no Paraninfo da Universidade; por certo que sería bo que me dera datos ideolóxicos de el), mandarémolle un feixe. Reciba (cun saúdo garimoso prá súa compañeira) unha aperta irmán.

Pereira

P.D. O meu novo enderezo é: Cebollati, 1744. Apartado 903  
Montevideo.

O teléfono é o mesmo, ou sexa: 40.20.08

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.